

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	IES do Barral	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Anatomía aplicada	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

A materia de Anatomía Aplicada pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender o corpo humano e a motricidade humana en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde.

O corpo e o movemento son medios de expresión e comunicación, polo que comprender as estruturas e o funcionamento do corpo humano e da acción motora dotará o alumnado da base necesaria para que, dentro dunhas marxes saudables, poida mellorar o seu rendemento no proceso creativo e nas técnicas de execución artística, así como, en xeral, na vida. Para iso, esta materia está integrada por coñecementos, destrezas e actitudes de diversas áreas de coñecemento que se ocupan do estudo do corpo humano e da súa motricidade, tales como a anatomía, a fisioloxía, a biomecánica e as ciencias da actividade física.

Anatomía Aplicada abrangue as estruturas e as funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o sistema locomotor e o cardiopulmonar, ou os sistemas de control e regulación; afonda en como estas estruturas determinan o comportamento motor e as técnicas expresivas que compoñen as manifestacións artísticas corporais, e os efectos que a actividade física ten sobre elas e sobre a saúde. Na mesma liña, abórdanse tamén nocións básicas dos sistemas de achega e utilización da enerxía, e afóndase nas bases da conduta motora.

Esta materia estrutúrase en oito grandes bloques: "As características do movemento", "Organización básica do corpo humano", "O sistema locomotor", "O sistema cardiopulmonar", "O sistema de achega e utilización da enerxía", "Os sistemas de coordinación e de regulación", "Expresión e comunicación corporal" e "Elementos comúns".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles con precisión e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coa anatomía humana.	1-2	1	4	2-3	40			
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando a información, avaliándoa criticamente, e contrastando a súa veracidade para resolver preguntas relacionadas coa anatomía humana.	2-3	1	4	1-2-4	40	1		2
OBX3 - Analizar traballos de investigación ou divulgación relacionados coa anatomía humana comprobando con sentido crítico a súa veracidade e/ou se seguen correctamente os pasos do método científico para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.	5	1	2-3-4	1-2	40	2-3	1	
OBX4 - Expor e resolver problemas e cuestións buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coa anatomía humana.	2		1-2	1-5	50		1	
OBX5 - Analizar criticamente os efectos de determinadas accións sobre a saúde baseándose nos fundamentos da anatomía humana para promover e adoptar hábitos que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.	2		2-5	4	20	3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Analizar os elementos anatómicos humanos utilizando fundamentos científicos para explicar a súa fisioloxía e relacionar esta coas actividades físicas e artísticas.	1-2	1	2-4	1	20-50		1	2-31-32

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo nas ciencias	Esta unidade ten como finalidade que o alumnado se achegue ao Método Científico, as ferramentas básicas para o seu desenvolvemento e a posta en práctica do mesmo.	5	10	X	X	X
2	A Organización do corpo humano	Nesta unidade tratarase a organización das diferentes partes do corpo humano. O alumnado, ao rematar, deberá entender o noso corpo como un organismo capaz de completar un ciclo de vida completo, grazas aos diferentes sistemas e dispositivos que o compoñen.	10	15	X		
3	O aparato dixestivo e o metabolismo	Nesta unidade traballaránse os procesos relacionados coa nutrición humana. Abordarase o estudo da anatomía e a fisioloxía do aparato dixestivo co fin de entender as transformacións dos alimentos para a obtención dos nutrientes e a súa absorción. Ademais, iniciarase o estudo dos procesos metabólicos básicos para a obtención da enerxía que permite a realización dos procesos vitais.	15	22	X		
4	O aparato circulatorio e respiratorio	Esta unidade adícase ao estudo da anatomía e a fisioloxía dos aparatos circulatorio e respiratorio para entender o transporte de gases, nutrientes e produtos de refugallo no organismo. Deste xeito, xunto coa unidade anterior, complétase o estudo integrado dos procesos relacionados coa nutrición humana.	15	20		X	
5	O aparato excretor	Nesta unidade traballaránse a anatomía e a fisioloxía do aparato excretor co fin de entender os procesos relacionados coa excreción dos produtos de refugallo.	10	10		X	
6	Os sistemas de coordinación e regulación	Nesta unidade traballaránse a anatomía e a fisioloxía dos sistemas nervioso e	15	24		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Os sistemas de coordinación e regulación	endócrino, o que permitirá a comprensión dos mecanismos de control e regulación dos procesos vitais do corpo humano.	15	24		X	
7	O aparato locomotor e o movemento.	Nesta unidade tratarase a anatomía e a fisioloxía dos sistemas muscular e óseo e a súa relación coa función esquelética e locomotora.	15	21			X
8	A expresión e a comunicación corporal	Esta unidade afonda en como os aparatos e sistemas traballados nas unidades anteriores determinan o comportamento motor e as técnicas expresivas que compoñen as manifestacións artísticas corporais, e os efectos que a actividade física ten sobre elas e sobre a saúde.	5	8			X
9	A reprodución humana	Esta unidade adícase ao estudo da anatomía e a fisioloxía dos aparatos reprodutores masculino e feminino.	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo nas ciencias	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar a metodoloxía científica na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	Resolve problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a motricidade e as actividades artísticas.	TI	100
CA1.2 - Elaborar proxectos utilizando as estratexias adecuadas tanto no seu procedemento de traballo como na comunicación de procesos e resultados.	Utiliza fontes fiables de información e comunica o resultado das súas pesquisas con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais.		
CA1.3 - Utilizar de forma segura e respectuosa co medio natural os espazos e recursos de aprendizaxe científico.	Emprega o material científico e segue os protocolos establecidos cun mínimo de coidado que garante a seguridade no uso do laboratorio.		
CA1.4 - Valorar a ciencia recoñecendo a actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e a súa contribución ao avance da sociedade humana en diferentes ámbitos, así como tamén o papel da muller nela.	Recoñece a relación entre o traballo científico e a evolución da sociedade humana e valora a importancia das mulleres científicas no avance das investigacións científicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Metodoloxía científica de traballo na resolución de problemas sobre o funcionamento do corpo humano, a saúde, a

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- motricidade e as actividades artísticas.</li> <li>- Estratexias para a elaboración de proxectos e de comunicación no proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Formulación de hipóteses e preguntas.</li> <li>- Procura, recoñecemento e utilización de fontes fiables de información.</li> <li>- Comunicación de procesos e resultados con vocabulario científico a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe e outros).</li> <li>- Linguaxe científico: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto académico en diferentes formatos.</li> <li>- Espazos e recursos de aprendizaxe científico (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.</li> <li>- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade. O papel da muller.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A Organización do corpo humano	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Identificar e localizar os termos básicos da anatomía humana utilizando diagramas e modelos.	Manexar a terminoloxía básica para definir os planos de simetría e a localización dos compoñentes da anatomía humana.	PE	90
CA2.2 - escribir a organización xeral do corpo humano a través da localización dos diferentes tecidos, órganos, aparellos e sistemas, e a identificación das súas funcións.	Identificar os órganos que compoñen cada un dos aparatos e sistemas da anatomía humana describindo brevemente a función que desempeñan.		
CA2.3 - Interpretar e comprender a evolución dos canons de beleza ao longo da historia e a súa influencia na sociedade.	Valorar os canons de beleza relacionándoos coa evolución histórica da sociedade.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terminoloxía básica da anatomía humana.</li> <li>- Planos e cortes anatómicos. Posición e dirección.</li> <li>- Rexións e cavidades do corpo humano.</li> <li>- Niveis de organización do corpo humano.</li> <li>- As células</li> <li>- Os tecidos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os órganos, aparellos e sistemas.</li> <li>- Funcións vitais.</li> <li>- Os canons de beleza ao longo da historia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O aparato dixestivo e o metabolismo	22

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Valorar os hábitos nutricionais que inciden favorablemente na saúde relacionando os tipos de dietas co balance enerxético establecido segundo as actividades realizadas.	Comentar a necesidade de ter hábitos nutricionais adecuados para garantir o balance enerxético resaltando a súa importancia para o mantemento dun estilo de vida saudable.	PE	25
CA3.1 - Recoñecer os procesos de dixestión e absorción de alimentos e nutrientes explicando as estruturas orgánicas implicadas en cada un.	Identificar os diferentes procesos da dixestión e da absorción dos nutrientes relacionándoos cos órganos e estruturas anatómicas implicadas.	TI	75
CA3.2 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as súas diferenzas e funcións básicas.	Explicar a diferenza entre os procesos de nutrición e alimentación analizando a súa importancia como procesos básicos para os seres vivos.		
CA3.4 - Identificar os trastornos alimenticios máis comúns e os efectos que teñen sobre a saúde, analizando os factores sociais que conducen á aparición dos mesmos.	Identificar os trastornos alimenticios máis comúns analizando o seu efecto sobre a saúde.		
CA3.5 - Identificar e diferenciar os procesos que comprende o metabolismo aeróbico e anaeróbico establecendo os mecanismos enerxéticos que interveñen na acción motora, co fin de xestionar a enerxía e mellorar a eficiencia da acción.	Diferenciar os principais procesos metabólicos de obtención de enerxía explicando as diferenzas básicas entre as rutas aeróbicas e anaeróbicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello dixestivo.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Alimentación e nutrición. Tipos de nutrientes e de alimentos.</li> <li>- Dieta equilibrada e a súa relación coa saúde. Balance enerxético.</li> <li>- Pautas saudables de alimentación en función da actividade realizada.</li> <li>- Trastornos do comportamento nutricional: dietas restritivas, anorexia e bulimia.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Factores sociais e derivados da propia actividade física e artística que conducen á aparición de distintos tipos de trastorno do comportamento nutricional.</li> <li>- Metabolismo humano.</li> <li>- Principais vías metabólicas de obtención de enerxía. Metabolismo aeróbico e anaeróbico.</li> <li>- Metabolismo enerxético e actividade física.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O aparato circulatorio e respiratorio	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.5 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados cos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador localizando, seleccionando e organizando a información.	Valorar a necesidade de ter hábitos saudables resaltando a súa importancia para o mantemento dun estilo de vida saudable.	PE	20
CA4.1 - Recoñecer as características xerais dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador e describir a anatomía e función dos distintos órganos que conforman ditos aparellos empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as principais estruturas anatómicas dos aparatos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoos coa súa función.	TI	80
CA4.2 - Explicar o percorrido do sangue na circulación maior e menor identificando as estruturas implicadas en imaxes en diferentes formatos, e valorando os parámetros de saúde cardiovascular.	Diferenciar os circuitos da circulación sanguínea identificando os compoñentes que os integran.		
CA4.3 - Explicar os movementos respiratorios de inspiración e expiración distinguindo os órganos e estruturas implicadas.	Explicar a diferenza entre os procesos de inspiración e expiración analizando a súa importancia como procesos básicos para os seres vivos.		
CA4.4 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos circulatorio, respiratorio e fonador relacionándoos coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar os trastornos máis comúns dos aparatos circulatorio, respiratorio e fonador analizando o seu efecto sobre a saúde.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello circulatorio.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- A circulación.</li> <li>- Parámetros de saúde cardiovascular.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- O aparello respiratorio.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- O proceso respiratorio.</li> <li>- Coordinación da respiración co movemento corporal e a súa intensidade.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- O aparello fonador.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O aparato excretor	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as principais estruturas anatómicas do aparato excretor relacionándoas coa súa función.	TI	100
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns do aparato excretor analizando o seu efecto sobre a saúde.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.	Valorar a necesidade de practicar hábitos adecuados para garantir o mantemento dun estilo de vida saudable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello excretor.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Os sistemas de coordinación e regulación	24

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.4 - Diferenciar as funcións de cada glándula endócrina localizando cada unha delas e empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as glándulas endócrinas localizando cada unha delas.	PE	15
CA6.1 - Valorar os sistemas nervioso e endócrino como responsables da coordinación e regulación xeral do organismo recoñecendo as características xerais de cada un deles.	Identificar a función dos sistemas nervioso e endócrino na coordinación e regulación xeral do organismo	TI	85
CA6.2 - Describir a anatomía e función das partes dos órganos sensoriais, dos compoñentes do sistema nervioso e das glándulas do sistema endócrino empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as partes dos órganos sensoriais, os compoñentes do sistema nervioso e as glándulas do sistema endócrino.		
CA6.3 - Diferenciar os movementos reflexos e voluntarios relacionándoos cos órganos implicados en cada un utilizando esquemas ou debuxos.	Describir as diferencias entre os movementos reflexos e voluntarios poñendo exemplos.		
CA6.5 - Analizar as enfermidades máis comúns dos sistemas nervioso e endócrino relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos e recoñecendo os efectos das drogas sobre o sistema nervioso así como a súa prevención.	Identificar as principais enfermidades dos sistemas nervioso e endócrino recoñecendo os efectos negativos do consumo de drogas.		
CA6.6 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co sistema nervioso e endócrino localizando, seleccionando e organizando a información.	Valorar a importancia de desenvolver hábitos saudables relacionados co sistema nervioso e endócrino.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema nervioso.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Os órganos sensoriais. Anatomía e fisioloxía.</li> <li>- Movementos reflexos e voluntarios.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> <li>- Drogas legais e ilegais. Prevención e efectos sobre a saúde.</li> <li>- O sistema endócrino.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- A función hormonal.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	O aparato locomotor e o movemento.	21

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA7.4 - Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.	Comprender a biomecánica humana relacionándoa coas súas aplicacións.	PE	30
CA7.5 - Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoa coa finalidade expresiva das actividades artísticas.	Describir as características da execución das accións motoras empregando os termos e elementos do movemento e relacionándoa coa finalidade expresiva das actividades artísticas.		
CA7.1 - Localizar e diferenciar os compoñentes do aparello locomotor empregando diagramas e modelos.	Identificar as principais estruturas anatómicas do aparato locomotor relacionándoa coa súa función.	TI	70
CA7.2 - Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.	Explicar a fisioloxía do aparello locomotor a través da función de músculos, ósos e articulacións.		
CA7.3 - Identificar as principais enfermidades e lesións do aparello locomotor recoñecendo e valorando os hábitos e costumes saudables, tanto na vida cotiá como na práctica de actividade física.	Identificar as principais enfermidades e lesións do aparato locomotor valorando a necesidade da práctica do exercicio físico para garantir o mantemento dun estilo de vida saudable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aparello locomotor. Os músculos, os ósos e as articulacións.</li> <li>- Anatomía e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e lesións do aparello locomotor.</li> <li>- Hábitos e costumes saudables. A hixiene postural.</li> <li>- Importancia do quecemento e da recuperación na práctica de actividade física</li> <li>- O movemento.</li> <li>- Termos e elementos do movemento.</li> <li>- Características da execución das accións motoras.</li> <li>- Biomecánica humana e as súas aplicacións.</li> <li>- O movemento como ferramenta artístico-expresiva.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	A expresión e a comunicación corporal	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA8.1 - Recoñecer as características principais da motricidade humana poñendo de manifesto o seu papel no desenvolvemento persoal e social.	Recoñecer as características principais da motricidade humana.	TI	100
CA8.2 - Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento, da utilización de elementos rítmicos, obxectos e con focos expresivos.	Comunicarse corporalmente adquirindo a conciencia do corpo e do espazo a través do movemento.		
CA8.3 - Identificar as diferentes formas de expresión corporal recoñecendo a capacidade do corpo para manifestarse cunha linguaxe propia como fonte de desenvolvemento creativo.	Identificar as diferentes formas de expresión corporal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Características da motricidade humana. Achegas das actividades físicas e artísticas no desenvolvemento persoal e da sociedade.</li> <li>- Toma de conciencia do corpo e do espazo. Movemento e elementos rítmicos. Focos expresivos do corpo.</li> <li>- Formas de expresión corporal e fontes de desenvolvemento creativo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	A reprodución humana	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Describir a anatomía e identificar a función das distintas partes do aparello excretor e reprodutor empregando diferentes soportes e recursos.	Identificar as principais estruturas anatómicas do aparato reprodutor relacionándoas coa súa función.	TI	100
CA5.2 - Analizar as enfermidades máis comúns dos aparellos excretor e reprodutor relacionándoas coas súas causas, síntomas e tratamentos.	Identificar as enfermidades máis comúns do aparato reprodutor analizando o seu efecto sobre a saúde.		
CA5.3 - Reflexionar sobre a importancia de hábitos saudables relacionados co aparello excretor e reprodutor localizando, seleccionado e organizando a información.	Valorar a necesidade de ter hábitos sexuais e de hixiene persoal adecuados para garantir o mantemento dun estilo de vida saudable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O aparello reprodutor.</li> <li>- Características xerais, estrutura anatómica e fisioloxía.</li> <li>- Enfermidades e hábitos saudables.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica toma en consideración os coñecementos e características do alumnado, de xeito que as súas aprendizaxes sexan significativas, potenciará a súa participación activa no proceso de aprendizaxe e favorecerá a creatividade e as capacidades de aprender por si mesmos e para traballar en equipo. Así mesmo, nas aprendizaxes integraranse os recursos das tecnoloxías da información e da comunicación e iniciarase a aplicación dos métodos científicos.

Utilizarase un modelo pedagóxico construtivista, que promova unha aprendizaxe significativa. Partindo desta base, apuntaremos algunhas orientacións sobre a metodoloxía de traballo no aula, entendendo que o profesorado deberá aplicalas con flexibilidade, adaptándose en cada caso ás características do seu alumnado.

a) Terase en conta o momento de desenvolvemento no que se atopan os alumnos. Trátase de adolescentes que, se ben xa acadaron o estadio psicolóxico das operacións formais, atópanse nunha etapa persoal de cambio e inestabilidade emocional. Son inquedos, mostran interese por temas moi diversos, pero cambian tamén moi facilmente o seu foco de atención, Por este motivo, é necesario captar a súa atención, implicándoos na súa propia aprendizaxe, mediante a continua relación dos contidos da materia con temas que sexan do seu interese.

b) Para que a aprendizaxe sexa realmente construtiva é imprescindible detectar as ideas previas acerca dos conceptos a estudar (avaliación inicial). Para iso, antes de iniciar cada bloque temático, realízase algunha actividade de detección destas ideas. Só despois de coñecer as carencias educativas dos alumnos, poderemos corrixilas, co propósito de modificar os esquemas mentais que sostían as teorías erróneas iniciais. O mellor xeito de facelo, será provocar nos alumnos un conflito cognitivo, é dicir, expoñerlles algunha situación que evidencie a falsidade das súas hipóteses, para así crear a necesidade de cambiar os conceptos antigos por outros máis adecuados.

c) Tratarase de atopar un equilibrio entre a aprendizaxe por recepción e a aprendizaxe por descubrimento. A limitación de tempo induce a usar en exceso o primeiro sistema. En todo caso, pódese comezar cunhas explicacións teóricas básicas do profesor, dirixidas a todo o alumnado. A posterior realización de diferentes actividades de reforzo, afondamento ou ampliación permitirá graduar a complexidade dos contidos e adaptalos á diversidade dos alumnos. A diversidade de intereses e niveis tamén se atende usando diferentes recursos adecuados ó nivel do alumnado: bibliográficos, audiovisuais, contacto co entorno ou as novas tecnoloxías da información e a comunicación. Estas últimas cunha dobre intención; como ferramentas de traballo pero tamén como obxecto de estudo da ferramenta en si mesma, para facilitar a aprendizaxe autónoma e a inserción no mundo laboral do alumno.

d) Propóranse actividades variadas, cunha metodoloxía activa. Estarán distribuídas en tres niveis de complexidade crecente: Básico (B), Medio (M) e Superior (S). Os alumnos comezarán cas actividades de nivel básico. A medida que as superen pasarán a realizar outras de nivel medio ou superior. Aqueles alumnos que presenten dificultades seguirán completando as de nivel básico e reforzando os contidos.

e) O método científico debe ser utilizado a diario na aula, tanto na elaboración e contraste de hipóteses como na realización de traballos experimentais. Polo tanto, e aínda que a repetición sistemática de exercicios é necesaria para a asimilación de métodos de resolución de problemas, teremos que introducir tamén actividades deseñadas como investigación, que representen situacións próximas á realidade, e actividades prácticas de laboratorio, que fomenten destrezas manipulativas e investigadoras.

f) Empregaranse os debates, xogos de rol, busca de información, traballos en grupo, etc. por seren metodoloxías que permiten traballar os contidos actitudinais e as áreas transversais.

g) Aconséllase o agrupamento dos alumnos para a realización de varias actividades. É conveniente que os grupos de traballo, de catro persoas, sexan permanentes ó longo de cada Unidade Didáctica e que estean integrados por alumnos heteroxéneos no referente a nivel intelectual, participación, motivación, espontaneidade, etc.

h) Cada alumno debería ter un caderno de clase no que recoller de xeito individual as observacións e conclusións dos traballos prácticos. Aínda que o traballo sexa grupal o caderno debería ser individual, e será obxecto de avaliación periódica.

i) Incluíranse actividades que fomenten a interdisciplinaridade co fin de ofrecerlle ao alumno unha visión global e integradora da aprendizaxe, que lle permita establecer relacións entre os diferentes campos do saber.

k) Por último, e aínda que a avaliación da aprendizaxe dos alumnos será continua, ao longo de todo o curso (avaliación formativa), introduciranse varias actividades para a avaliación específica de algúns contidos concretos. Tamén se realizará unha actividade específica ao final de cada período de avaliación, co fin de determinar o grao de consecución dos obxectivos planeados (avaliación sumativa), e ao final do curso se planeará algunha actividade de avaliación do propio proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dixitais, Equipamentos informáticos, Libros de texto e bibliografía, Material de laboratorio e Recursos audiovisuais.

Os recursos dixitais estarán dispoñibles na aula virtual, proxectaranse na aula ou proporcionaranse en papel. Tamén se inclúen neste grupo de recursos todos aqueles consultados polo alumnado como resultado das súas pesquisas na rede.

O centro proporcionará os equipamentos informáticos necesarios para o alumnado, ben empregando a aula de informática ou portátiles na aula de referencia do grupo.

Os libros de texto e a bibliografía en papel será aportada pola biblioteca do centro.

O material de laboratorio constará principalmente de instrumental de diseccións, instrumental para a preparación de mostras e tincións e instrumentos de microscopía.

Os recursos audiovisuais constan dun canón de vídeo, unha pizarra dixital e un ordenador para a exposición dos resultados do traballo do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao inicio de cada unha das unidades didácticas mediante cuestionarios e preguntas directas para definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con respecto ao currículo que se pretende desenvolver e as súas necesidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	5	10	15	15	10	15	15	5	10	100
<b>Proba escrita</b>	0	90	25	20	0	15	30	0	0	22
<b>Táboa de indicadores</b>	100	10	75	80	100	85	70	100	100	78

### Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliación parcial obterase da seguinte foma:

a) O 80% da nota corresponderá ás producións do alumnado realizadas en traballo colaborativo, ás exposicións realizadas na aula e ao traballo de laboratorio. Valorarase a presenza/ausencia de contidos, presentación, grado de resolución acadado nas actividades e o adecuado cumprimento dos guións de actividades de laboratorio. A presenza de faltas ortográficas suporán unha redución na cualificación (0,01 por cada falta ortográfica) ata un máximo de 1 punto neste apartado. Non se puntuarán os traballos presentados fóra de prazo.

b) O 20% da nota corresponderá ás probas escritas. A presenza de faltas ortográficas suporán unha redución na cualificación (0,01 por cada falta ortográfica) ata un máximo de 1 punto neste apartado.

Para o cálculo da nota final teranse en conta os seguintes aspectos:

1) A nota da avaliación ordinaria de xuño calcularase facendo a media das notas obtidas en cada unha das avaliacións parciais, tomando o valor numérico sen aproximar.

2) No caso de que algún alumno/a tivese que realizar probas de recuperación, a efectos do cálculo da nota final, prevalecerá a cualificación máis alta.

3) Entenderase que o alumno superou a materia se a cualificación final é de polo menos 5 puntos. En caso de que o resultado da nota sexa un número decimal, os decimais 1, 2, 3 e 4 aproxímanse ao enteiro inferior, e os de 5, 6, 7, 8 e 9, ao superior.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de que un alumno ou alumna tivese algunha avaliación suspensa e a media das notas obtidas en cada unha das avaliacións parciais fose menor de 5 puntos, poderá realizar unha proba escrita de recuperación ao remate da terceira avaliación. Nesta proba de recuperación soamente se examinará das avaliacións suspensas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Tendo en conta que o alumnado deste curso comeza unha nova etapa educativa non vemos a necesidade de realizar un plan de reforzo e recuperación nesta disciplina.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Co obxectivo de tratar de atender á diversidade normal da aula, os diferentes estilos de aprendizaxe, ritmos, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, utilizaranse estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo. Estas estratexias metodolóxicas baséanse fundamentalmente no traballo colaborativo, distribuíndo ao alumnado en pequenos equipos de traballo heteroxéneos (3-4 alumnos/as por grupo) para axudarse e animarse mutuamente á hora de realizar os exercicios e as actividades propostas. Esperamos que o alumnado non só aprenda o que o profesorado lle ensina, senón que contribúa tamén a que aprendan os seus compañeiros e compañeiras do equipo, é dicir, espérase deles que aprendan a traballar en equipo. O alumnado consegue un dobre obxectivo se os demais tamén o conseguen, dándose unha interdependencia positiva.

O alumnado que, por diversos motivos, ten máis dificultades á hora de aprender ten moitas máis oportunidades de ser atendidos dunha forma máis axeitada nunha clase estruturada de forma cooperativa, pois o profesorado ten máis ocasións de atendelos e conta, ademais, coa axuda dos seus propios compañeiros e compañeiras. Por outra parte, o alumnado máis avantaxado, cando exerce de guía dos seus compañeiros/as, consolida plenamente os coñecementos xa adquiridos e mellora a organización dos mesmos e as habilidades de comunicación ao transmitirlos. Con esta maneira de estruturar a actividade na aula conseguimos a participación activa de todo o alumnado da aula, facilita a autonomía do alumnado, e como xa se comentou, fai máis factible atender a diversidade da aula.

O traballo cooperativo supón aprender ao noso alumnado a traballar en equipo, permitiéndolle desenvolver as competencias relacionadas coa comunicación e as habilidades sociais, a competencia persoal, social e de aprender a aprender e a competencia emprendedora, que dende outras formas de traballo na clase poden quedar desatendidas.

Para facer as actividades de forma cooperativa, distribúese ao alumnado en equipo heteroxéneos formados por catro membros con distinto grao de autonomía, de xeito que cada equipo está formado por un alumno/a moi autónomo/a, dous medianamente autónomos e un alumno/a menos autónomo. Para asegurarnos de que os catro membros do grupo interactúan á hora de facer as actividades, o profesorado debe utilizar un procedemento, técnica ou estrutura colaborativa que obriga ou forza a resolver as actividades contando cos demais membros do equipo, conseguindo a participación equitativa de todos os membros do equipo.

### **7.1. Concreción dos elementos transversais**

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación ambiental. Adquirir experiencias e coñecementos que permitan ter unha comprensión maior dos problemas ambientais. Desenvolver capacidades para relacionarse co medio sen contribuír ó seu deterioro.			X	X				
ET.2 - Educación para a saúde. Desenvolver hábitos básicos de saúde. Valorar o perigo do manexo de determinadas substancias.		X	X	X	X	X	X	
ET.3 - Educación sexual.								
ET.4 - Educación para o consumidor. Crear unha conciencia de consumidor responsable. Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas: individuais, sociais, medioambientais.			X					
ET.5 - Educación non sexista. Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e a súa manifestacións. Consolidar hábitos non discriminatorios.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a convivencia. Respecto á autonomía dos demais. Presentar e utilizar o diálogo como forma de solucionar diferenzas.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación ambiental. Adquirir experiencias e coñecementos que permitan ter unha comprensión maior dos problemas ambientais. Desenvolver capacidades para relacionarse co medio sen contribuír ó seu deterioro.	
ET.2 - Educación para a saúde. Desenvolver hábitos básicos de saúde. Valorar o perigo do manexo de determinadas substancias.	X



	UD 9
ET.3 - Educación sexual.	X
ET.4 - Educación para o consumidor. Crear unha conciencia de consumidor responsable. Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas: individuais, sociais, medioambientais.	
ET.5 - Educación non sexista. Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e a súa manifestacións. Consolidar hábitos non discriminatorios.	X
ET.6 - Educación para a convivencia. Respecto á autonomía dos demais. Presentar e utilizar o diálogo como forma de solucionar diferenzas.	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conferencia sobre doazón e transplantes de órganos.	Conferencia onde se resaltan a importancia e a necesidade dun sistema eficiente de doazón e transplante de órganos coa posibilidade da realización dun coloquio onde os alumnos poidan plantexar as súas dúbidas e inquedanzas relacionadas con esta temática.			X

### Observacións:

A realización destas actividades estará condicionada pola dispoñibilidade da axenda das persoas ou entidades organizadoras e as propias necesidades de organización do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os criterios de avaliación e os contidos están correctamente distribuídos nas unidades didácticas.
O peso porcentual de cada criterios de avaliación dentro das unidades didácticas está ben establecido.

Os criterios de cualificación son claros e coñecidos polo alumnado e permiten facer un seguimento do progreso dos alumnos/as.
A distribución do tempo na aula foi axeitado.
Realizouse unha avaliación inicial para axustar a programación á situación real de aprendizaxe.
Proporcionáronse actividades e procedementos para recuperar os criterios de avaliación non superados do curso.
Os criterios de cualificación propostos foron axustados e rigorosos.
<b>Metodoloxía empregada</b>
A actividade grupal cooperativa foi suficiente e significativa.
Utilizáronse de maneira sistemática distintos procedementos e instrumentos de avaliación.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
As actividades propostas foron variadas na súa topoloxía e favoreceron a adquisición das competencias clave.
Utilizáronse recursos e materias variadas.
O alumnado dispuxo de ferramentas de autocorrección, autoavaliación e coavaliación.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado e construíse sobre os seus coñecementos previos.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
As familias foron adecuadamente informadas sobre o proceso de avaliación (criterios de cualificación, instrumentos, ÷)

### Descrición:

Descrición: A avaliación da práctica docente e o proceso de ensino realizarase cunha rúbrica que contén estes indicadores de logro cunha escala que marca o nivel acadado (Excelente, Ben, Regular, Mal).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Na reunión do departamento farase un seguimento do desenvolvemento da programación con periodicidade mensual, no que se recolle os seguintes aspectos:

- Unidades didácticas impartidas, a unidade didáctica na que se está traballando,
- Bloque de contidos no que se traballa.
- Grao de cumprimento da programación e motivos, se procede, polos que non se está cumprindo coa programación.
- Instrumentos de avaliación empregados (nº de exames, escritos, test, traballos solicitados, etc.)
- Información e avaliación dos resultados acadados.
- Dificultades atopadas ( clima na aula, ambiente de traballo, carencia de medios...)
- Propostas de mellora.

Analizado o desenvolvemento da programación, faranse as modificacións oportunas para solucionar aqueles problemas detectados nas aulas.

Ao final de curso recolleranse as propostas de mellora para o curso seguintes na memoria final do departamento, que servirán de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

## 9. Outros apartados